PREGO DE CONDICIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA OU LICITACIÓN PÚBLICA E FORMA DE POXA PÚBLICA Á ALZA PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL MEDIANTE POSTOS NAS FESTAS DE SANTIAGUIÑO DO BURGO DURANTE OS ANOS 2018-2021

CAP. I. ELEMENTOS DAS AUTORIZACIÓNS. 3
1. Obxecto..... 3
2. Natureza xurídica das autorizacións. 3
3. Taxas (canóns) polas ocupacións dos postos derivadas das autorizacións..... 4
CAP. II. CONDICIÓNS PARA SER BENEFICIARIO DAS AUTORIZACIÓNS..... 5
4. Capacidade, limitacións, solvencia e requisitos para ser titular das autorizacións..... 5
CAP. III. OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS. 7
5. Obtención de información. 7
6. Criterio de selección. 7
7. Procedemento e forma de outorgamento das autorizacións..... 8
8. Gastos a cargo dos autorizados. 15
CAP. IV. RÉXIME DAS AUTORIZACIÓNS. 16
9. Duración das autorizacións e para a montaxe e desmontaxe das instalacións e horarios de apertura das instalacións. 16
10. Transmisión das autorizacións. 17
11. Gravame. 17
12. Destino dos terreos municipais obxecto das autorizacións. 17
13. Potestades e facultades do Concello. 17
14. Dereitos dos autorizados. 20
15. Obrigas dos autorizados. 20
16. Obrigas específicas dos postos de venda de alimentos e bebidas. 25
17. Documentación a achegar polos autorizados antes de comezar a ocupación dos postos e controis específicos antes de comezar o funcionamento das atracións de feira. 26
18. Instalacións e obras 27
CAP. V. EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS. 27
19. Extinción das autorizacións. 27
20. Caducidade das autorizacións por cumprimento. 27
21. Outras causas de extinción das autorizacións. 27
22. Aplicación das causas de extinción por causa distinta de caducidade. 28
23. Efectos da extinción das autorizacións. 29
24. A extinción das autorizacións por infraccións. 30
25. Procedemento para a extinción das autorizacións. 30
26. Aplicación supletoria 30
CAP VI RÉXIME SANCIONADOR. 30
27. Incumprimentos. 30
28. Sancións. 34
29. Imposición das sancións. 34
CAP VII REVERSIÓN 35
30. Reversión 35
CAP VIII RÉXIME XURÍDICO. 35
31. Lexislación aplicable. 35
32. Xurisdición competente. 35
DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA- Modificacións normativas 35
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Regulación especifica para adxudicar postos nos supostos de que existan vacantes. 35

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

ANEXO I: Postos que son obxecto de licitación nas festas de Santiaguiño do Burgo. 37
ANEXO II: Plano coa situación dos postos obxecto de licitación nas festas de Santiaguiño do Burgo.....43

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

PREGO DE CONDICIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA OU LICITACIÓN PÚBLICA E FORMA DE POXA PÚBLICA Á ALZA PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL MEDIANTE POSTOS NAS FESTAS DE SANTIAGUIÑO DO BURGO DURANTE OS ANOS 2018-2021

CAP. I. ELEMENTOS DAS AUTORIZACIÓNS.

1. Obxecto.

É obxecto do presente prego de condicións regular o procedemento, adxudicación e o contido das autorizacións para a ocupación do dominio público municipal mediante postos destinados ás instalacións de atraccións de feira, casetas, barracas e demáis instalacións propias das festas durante as festas de Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-2021, mediante procedemento de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza.

Este prego, cos documentos que preceptivamente o integran, formarán parte do contido das autorizacións que no seu día se outorguen.

Os postos que constitúen o obxecto do presente procedemento de concorrencia pública e de licitación, con indicación dos metros cadrados que se poden ocupar así como das actividades ou instalacións que se poden destinar son os que figuran no anexo I deste prego.

Os metros cadrados que figuran no anexo expresasen en metros de longo e ancho que se poden ocupar. Multiplicando os metros de longo polo ancho obteñense os metros cadrados máximos a ocupar. En todo caso, non se pode ocupar por cada posto máis dos metros de longo e ancho indicados.

Como anexo II a este prego incorporase un plano con todos os postos que son obxecto de licitación para estas festas de Santiaguiño do Burgo.

Os postos obxecto deste procedemento sitúanse en terreos de dominio público municipal.

2. Natureza xurídica das autorizacións.

A ocupación en concreto de cada posto, conceptúase como unha utilización especial dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante, dado que as instalacións coas que se van a ocupar estes bens municipais son desmontables ou bens mobles. Estes títulos, dadas as súas características, terán a consideración de autorizacións administrativas demaniais.

As autorizacións administrativas demaniais dos postos, encandrase legalmente no artigo 92 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas (en adiante LPAP), así como no artigo 77 do Regulamento 1372/1986, de bens das Entidades Locais.

Estas autorizacións teñen natureza administrativa.

Estas autorizacións administrativas demaniais outorgaranse en todo caso salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

En todo caso, os espazos ocupados polos postos seguiran sendo de titularidade e propiedade do Concello de Pontevedra.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

3. Taxas (canóns) polas ocupacións dos postos derivadas das autorizacións.

Os que resulten autorizados deberán satisfacer as taxas (canóns) correspondentes melloradas á alza segundo as súas propostas. Estas taxas réxense polo establecido na ordenanza fiscal 9 reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial constituído por ocupacións de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica. Segundo a mesma, as cotas tributarias das taxas polos aproveitamentos especiais por ocupacións de terreos de dominio público como son os postos que son obxecto desta licitación, nos casos en que se empreguen procedementos de licitación pública, virán determinadas polo valor económico das proposicións sobre as que recaian as autorizacións. O valor económico destas proposicións nunca poden ser inferiores aos fixados no anexo I deste prego, como taxas mínimas a pagar polas utilizacións ou aproveitamentos especiais do dominio público de conformidade coa ordenanza mencionada. O importe das taxas a pagar esta fixado por ano e as ofertas que se formulen serán por ano. Non obstante, como o período da autorización será de dous anos podendo chegar ata catro, o importe total a pagar será o importe ofertado por ano polos anos de duracións das autorizacións (mínimo dous e máximo catro).

Debe terse en conta que dentro das taxas existen dúas partes: unha que é mínima e que é mellorable a alza que é sobre as que se refiren as ofertas e outra que é unha cantidade fixa, que se corresponde ao concepto de subministro de electricidade durante as festas. Esta última parte fixa forma parte da taxa que ten que pagar cada autorizado cada ano pola autorización. En todo caso, o pago das taxas ou canóns inclúe as dúas cantidades, considerándose estas dúas cantidades o valor económico das proposicións a efectos da taxa. As ofertas que se formulen non afectaran a parte fixa indicada e considerаranse ao marxe desta.

O pagamento do importe das taxas efectuarase conforme ao disposto na ordenanza fiscal mencionada. En todo caso, deben cumprirse as seguintes normas:

- Todos os titulares das autorizacións teñen obriga de presentar autoliquidación, antes do primeiro día de comezo das festas cada ano ou do primeiro día de duración de autorización de cada ano (incluindo ata ese primeiro día). Deberá aboarse nun prazo máximo de 5 días naturais. Os importes a autoliquidar serán os ofertados no presente procedemento de licitación máis a parte fixa correspondente ao concepto de subministro de electricidade durante as festas, que non serán inferiores aos que figuran no anexo I a este prego en relación a cada un dos postos.
- As taxas a pagar satisfaranse cada ano as correspondentes a ese ano. Noutros termos, o importe ofertado por anos, satisfarase no ano 2018 o correspondente a ese ano , no 2019 o correspondente a ese ano, e no caso de que se produza a prórroga, a de 2020 o correspondente a ese ano e a de 2021 a correspondente a ese ano.
- Establecese un réxime de depósito previo de xeito implícito, amparado polo artigo 26.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.
- Non existe ningún modelo de autoliquidación específico e auto enchible, aprobado para esta concreta tarifa da taxa, existindo sempre a opción do formulario xenérico que os obrigados tributarios (ou representantes debidamente acreditados) poden solicitar (autoliquidación das chamadas "asistidas"), sexa presencialmente nas oficinas do Servizo de Xestión Tributaria e outros ingresos de dereito público ou no enderezo de correo electrónico xestiontributaria@pontevedra.eu (método preferible).

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

Poderase autorizar aos que sexan adxudicatarios dos postos a instalación de máquinas de vending ou similares sempre que esten pegados ao posto e non prexudiquen o correcto desenvolvemento das festas. No caso de autorizarse esta instalación, deberá pagarse en concepto de taxa por utilizacións ou aproveitamentos especiais do dominio público a cantidade por día de 5,15 euros por cada metro cadrado ou fracción de ocupación.

Así mesmo, correrán por conta de cada autorizado os tributos relativos ao exercicio de cada actividade, os que graven a constitución destas autorizacións, os de formalización pública dos títulos das autorizacións e demais derivados das propias autorizacións.

Finalmente, os autorizados, ao marxe dos tributos e taxas anteriores, deberán asumir os tributos, ingresos ou gastos que deban satisfacerse conforme estes pregos e demais normativa de aplicación.

CAP. II. CONDICIÓNS PARA SER BENEFICIARIO DAS AUTORIZACIÓNS

4. Capacidade, limitacións, solvencia e requisitos para ser titular das autorizacións.

Están capacitados para presentar solicitudes de autorización neste procedemento de outorgamento de autorizacións as persoas físicas ou xurídicas cando teñan plena capacidade de obrar e non estén afectos por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 71 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) como prohibitivas para contratar e dispoñan da súa solvencia económica e técnica e cumpran cos requisitos que se establecen neste prego.

Dádalas características das autorizacións, que conlevan a prestación de servizos aos cidadáns establecense criterios de solvencia técnica e económica.

A solvencia económica que se esixe para poder participar neste procedemento é a seguinte:

1- Volume anual de negocios.

Criterio de selección: Entenderase cumprida a solvencia cando o volume anual de negocios do licitador, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluidos, sexa igual ou superior a unha vez e media o importe das taxas polos dous anos iniciais de duración da autorización por todos os postos que presente oferta.

A solvencia técnica que se esixe para poder participar neste procedemento é a seguinte:

Unha relación das actividades prestadas nos últimos cinco anos que deben ser as mesmas ou similares as que se poden realizar no posto ou postos que se solicitan e que se especifican no anexo I deste prego.

Criterio de selección: Como mínimo deberase ter realizado nos últimos cinco anos:

- As mesmas actividades ou similares aos postos que se solicitan durante un período de 15 días naturais.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

En principio coa finalidade da axilizar este procedemento en cosonancia coa filosofia que se establece no artigo 5 do Real decreto 199/2010, polo que se regula o exercicio da venda ambulante e sedentaria, non se esixe a acreditación documental da solvencia económica e técnica, senón unha declaración xurada dentro da solicitude nos termos establecidos neste prego. Isto enténdese sen prexuízo das facultades de comprobación que ten atribuidas o Concello de Pontevedra, que poderá solicitar calquera acreditación destes extremos, para que se acheguen no prazo máximo de 5 días naturais.

Por outro lado, para poder ser beneficiario da autorización requirese que os licitadores estén de alta no imposto sobre actividades económicas no epígrafe ou epígrafes correspondentes ás actividades que se pretenden desenvolver nos postos que solicitan e que inclúa, dentro do seu ámbito, como mínimo o territorial do Concello de Pontevedra, debendo estar ao corrente, no seu caso, no pagamento deste imposto. No suposto de que non estivesen de alta neste imposto ou non de forma correcta, deberán darse de alta de forma correcta nun prazo máximo de 3 días hábiles desde que se publique no perfil do contratante da sede electrónica do Concello a relación de persoas que estando propostos para adxudicarse postos non están de alta no mencionado tributo de forma adecuada ou simplemente non están. En caso de que no citado prazo non se den de alta ou non o acrediten serán excluidos deste procedemento de adxudicación.

Por outro lado, existen varios postos que están vinculados (posto principal e accesorio), de tal forma que so quenes resulten adxudicatarios do principal poderán ser adxudicatarios do outro posto vinculado (accesorio), dado que a funcionalidade destes so ten sentido en relación ao posto principal. O autorizado do posto principal pode necesitar ou non os accesorios, pero os dos postos accesorios non poden funcionar sen o principal. Estes postos accesorios son terrazas e so poden funcionar vinculados a unha actividade principal vinculada. Os postos vinculados son os seguintes:

- O posto número 1 vinculase ao 2. O principal é o posto con número 1 e o accesorio é o número 2.
- O posto número 3 vinculase ao 4. O principal é o posto con número 3 e o accesorio é o número 4.
- O posto número 55 vinculase ao 54. O principal é o posto con número 55 e o accesorio é o número 54.

Os que presenten solicitude para os postos accesorios necesariamente deben presentar solicitude de adxudicación para o posto principal ao que esta vinculado o posto. En caso de que se presente solicitude de adxudicación para o posto accesorio e non para o principal ao que esta vinculado, determinará a exclusión da solicitude do accesorio do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, só o adxudicatario do posto principal pode selo do accesorio, de tal forma que nestes casos o criterio de adxudicación do posto accesorio non será o prezo máis baixo, senón o de que presentando solicitude para ser adxudicatario do accesorio e reunindo os requisitos para selo deste, resulte adxudicatario do posto principal ao que esta vinculado.

Deberanse cumprir os demais requisitos e condicións fixados no presente prego para poder ser titular das autorizacións.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

O Concello de Pontevedra poderá verificar por si se cumpren os condicionantes, requisitos e limitacións establecidos. O non cumprimento destes determinará a exclusión do procedemento e cando proceda, pola fase do procedemento en que se esté a revogación autómatica da autorización e a imposibilidade de continuar con esta. Así mesmo, a falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións que teña un carácter esencial determinará a a exclusión do procedemento e cando proceda, pola fase do procedemento en que se esté a revogación autómatica da autorización e a imposibilidade de continuar con esta, sen prexuizo das responsabilidades civís, administrativas e penais que correspondan.

O Concello de Pontevedra poderá recabar información de calquera solicitante en relación a algún dos extremos que sexa necesario para participar neste procedemento ou resultar adxudicatario, que deberá ser atendido debidamente e de forma completa no prazo que sinale o Concello.

CAP. III. OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS.

5. Obtención de información.

Os presentes pregos serán publicados na sede electrónica do Concello, dentro do perfil do contratante (sede.pontevedra.gal) durante o prazo de presentación de solicitudes de participación neste procedemento. Poderá publicarse, así mesmo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria ou conveniente.

Para a obtención de información que puidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

- So será obrigatoria a remisión daqueles documentos que non se atopen publicados na sede electrónica municipal.
- So será obrigatoria a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou conveniente, para a formulación das ofertas.
- A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal. A remisión da documentación por correo será baixo a modalidade de portes debidos.

A consulta do expediente poderá efectuarse no Servizo de Cultura do Concello (Rúa Churruchaos, número 2, 1 andar, CP 36071, Pontevedra. Teléfono 986896528, fax 886212843)

6. Criterio de selección.

Establecese un único criterio de selección, que é a taxa ou canón máis alto que oferten os licitadores por ano e posto para ser beneficiarios das autorizacións dos postos. Como se expuxo, as ofertas refirense a parte variable e mellorable a alza que figura no anexo I para cada posto, non referíndose a cantidade a pagar en concepto de subministro de electricidade. Cando se refire a taxa que oferten os licitadores, estase a considerar as taxas mínimas que figuran no anexo I deste prego, excluindo as que se refiren ao concepto de subministro de electricidade. Os licitadores que oferten a taxa máis alta en cada un dos postos, serán os que resulten adxudicatarios destes, sen que en ningún caso poidan ser inferiores ás indicadas no anexos I deste prego, como taxa mínima a pagar pola utilización ou aproveitamento especial do dominio público en cada un destes. Os importes destas taxas mínimas están fixadas por

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

ano, sendo a mesma contía as que oferten para cada un dos anos aos que se refire a presente autorización.

En caso de empate, resolverase mediante sorteo, que se realizará no día e hora que se indique no perfil do contratante do Concello por parte do Xefe do Servizo de Cultura, do que dará fe o Secretario da Administración Municipal.

Non obstante, para a adxudicación dos postos accesorios vinculados (2, 4 e 54) o criterio de selección non será o canón máis alto que se oferte, senón o de que presentando solicitude para ser adxudicatario do accesorio e reunindo os requisitos para selo deste, resulte adxudicatario do posto principal ao que esta vinculado.

7. Procedemento e forma de outorgamento das autorizacións.

O procedemento de outorgamento das autorizacións será en réxime de concorrencia ou licitación pública de conformidade co artigo 92 da LPAP, dado que o espazo e as autorizacións están limitadas. A forma de outorgamento destas será en poxa pública á alza.

O procedemento de adxudicación deberá axustarse aos seguintes trámites:

Presentación de solicitudes de outorgamento das autorizacións: lugar, prazo de presentación, formalidades e documentación.

Lugar e prazo.- As solicitudes para tomar parte neste procedemento presentaranse no rexistro xeral do Concello desde as 8,30 ata ás 13,45 horas, durante os días en que esta aberto este rexistro, que son días hábiles, durante os 15 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo, publicarase anuncio de convocatoria no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra durante o prazo para presentar solicitudes de participación neste procedemento. Estes pregos estarán a disposición dos interesados no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Tamén poderán presentarse solicitudes por correo, se ben neste caso os interesados deberán acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao Concello, por fax, télex ou telegrama, a remisión das proposicións. Sen cumprir tales requisitos non serán admitidas as proposicións no caso en que se recibiran no Rexistro Xeral municipal fora do prazo fixado.

En todo caso, transcorridos 10 días naturais desde a terminación do prazo de presentación non serán admitidas ningunha proposición enviada por correo.

Igual advertencia será de aplicación para os casos nos que se faga uso da posibilidade prevista polo art. 38.4 da Lei 30/1992, debendo anunciarse de igual modo a súa presentación mediante esta vía, e coas mesmas salvidades expostas.

Unha vez recibidas as solicitudes, non poderán ser retiradas salvo causas debidamente xustificadas.

O contido mínimo dos anuncios expresará:

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

- O obxecto das autorizacións, con referencia aos pregos de condicións.
- O lugar de consulta e modo de acceso a tales pregos.
- Prazo durante o que os interesados poderán presentar as súas proposicións, e o lugar para isto, partindo do presente artigo.

Formalidades e documentación.-As solicitudes para participar neste procedemento de outorgamento de autorizacións deberanse presentar nun sobre pechado identificado no seu exterior con indicación expresa da licitación á que concorre, debidamente asinado polo licitador ou o seu representante, con indicación do nome, apelidos e razón social, nº de teléfono, así como correo electrónico e fax, no caso de dispoñer destes medios.
Non obstante e coa finalidade de facilitar a maior concorrencia, os licitadores poderan non presentar as súas ofertas en sobre pechado se así o desexan, sempre e claro que da documentación se deduzca que presentan ofertas a este procedemento de licitacion e os seus datos identificativos.

Por cada posto que se pretenda obter deberase presentar unha solicitude. Os licitadores deberán presentar tantas solicitudes como postos pretendan opter. No caso de que un licitador pretenda optar a varios postos, deberá presentar unha solicitude por cada posto, debendo indicar nesa solicitude a oferta de taxa ou canón que ofrece por ese posto. Non se admite en ningún caso que se presente unha solicitude que contemple varios postos; en caso de presentar unha solicitude indicando varios postos, esta solicitude será excluida do procedemento de licitación.

Así mesmo, non se admite que un licitador presente máis dunha oferta por un mesmo posto.

No único sobre que presenta o licitador, deberá incluir a seguinte documentación:

a) A solicitude para que se outorgue a autorización por un ou varios postos (este modelo pode alterarse sempre que respete os elementos esenciais do mesmo e se poida considerar que é equivalente):

"D……., con DNI nº……., en nome propio (ou en representación de...,) informado do procedemento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas de Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-2021, segundo anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra, e tendo coñecemento dos pregos de condicións que rexen estas autorizacións, manifesto que, reunindo todos os requisitos e condicións para poder ser beneficiario destas autorizacións, acepto plenamente e de maneira incondicionada os pregos de condicións e cantas obrigas derivan del e formulo a seguinte proposta, que inclúe a declaración responsable do cumprimento dos requisitos para participar neste procedemento:

- Declaro baixo a miña responsabilidade:
  a. Que cumpro os requisitos establecidos neste prego para participar neste procedemento e ser beneficiario da autorización para o posto que solicito así como para exercer esta actividade ou actividades, que estou en posesión da documentación que así o acredita, que me comprometo a facilitala cando sexa

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

requirido polo Concello de Pontevedra e que me comprometo a manter o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da actividade ou actividades dos postos para os que solicito a autorización.

b. Que a entidade nin no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 71 da LCSP.
c. Que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
d. Que autorizo ao Concello a poder solicitar de cantas Administracións ou entidades sexan competentes a documentación que sexa necesaria para verificar a solvencia económica e técnica solicitada neste prego así como a situación de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.
e. Que estou de alta no imposto sobre actividades económicas correspondentes ás actividades que se van desenvolver nos postos que solicito e que inclúe, dentro do seu ámbito, como mínimo o territorial do Concello de Pontevedra, estando ao corrente, de ser o caso, no pagamento deste imposto. Así mesmo autorizo e presto o consentimento para que o Concello de Pontevedra poida solicitar e obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou entidade pública competente a documentación acreditativa de que estou de alta no citado imposto e ao corrente, de ser o caso, no pagamento do mesmo.

- Solicito que se me outorgue a autorización para o posto que sinalo a continuación ofertando como taxa ou canón por este o seguinte **(en cada solicitude só se pode opter por un só posto):**

Número do posto para o que se solicita autorización[1]	Destino dos postos [2]	Canón ou taxa que se formula para ser beneficiario da autorización do posto en <u>número</u>	Canón ou taxa que se formula para ser beneficiario da autorización do posto en <u>letra</u>	Potencia eléctrica que declara[3]

Lugar, data e sinatura. "

b. <u>Documento acreditativo da personalidade xurídica do ofertante:</u>

Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
Persoas xurídicas: escritura de constitución ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Engadirase, así mesmo, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores. Así mesmo, unirase fotocopia do DNI do representante.

[1] (os números dos postos están nos anexos I do prego de condicións)
[2] (indicase nos anexo I do prego de condicións)
[3] para os aparatos e instalacións que pretende ubicar nos postos que solicita

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

c. No caso de persoas xurídicas, fotocopia do NIF

Fotocopia da tarxeta do número de identificación fiscal (NIF).

d. Poderes.

Cando os licitadores non actúen en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

Os poderes deberán figurar inscritos previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

e. Bastanteo de poderes.

Os poderes a que se refire o apartado anterior do presente artigo deberaos bastantear previamente pola Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario habilitado.

Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados por avogado do Estado ou asesorías doutras Administracións públicas, ou avogado en exercicio debidamente colexiado, debendo neste último caso xustificar a súa colexiación.

A achega da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo do mesmo nos termos expostos, suporá, aos efectos do artigo 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non terlle sido revogado con data posterior.

f. Seguro de responsabilidade civil.

Deberase achegar copia simple do seguro de responsabilidade civil contemplado no artigo 15.26 deste prego así como xustificante de pagamento deste.
Con carácter alternativo, poderase achegar un compromiso de que se subscribirá un seguro de responsabilidade civil para responder por danos e perdas que poidan causar polo exercicio de actividades que vai desempeñar ou a ocupación dos bens autorizados nos termos do artigo 15.26 deste prego, debendo neste caso achegar copia do seguro de responsabilidade civil así como xustificante de pagamento deste antes do primeiro día de inicio da duración da autorización.

g. Imposto sobre actividades económicas.

Como xa se expuxo, o licitador debe estar de alta no imposto sobre actividades económicas correspondentes ás actividades que vai desenvolver nos postos que solicita debendo abranguer, dentro do seu ámbito, como mínimo o territorial do Concello de Pontevedra e así mesmo, debe estar ao corrente, de ser o caso, no pagamento do citado imposto. Senón autoriza ao Concello de Pontevedra para recabar a documentación acreditativa destes extremos, entón deberá achegar a seguinte documentación:

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

- Certificado expedido pola Administración competente de alta no imposto sobre actividades económicas.
- Último recibo de pagamento do mesmo ou certificado que acredite a exención do pagamento do mesmo.

Toda a documentación a achegar debe presentarse en castelán ou galego.

Non será necesaria achegar a documentación indicada dende o apartado b. ata o e., sempre que na licitación dos postos da Virxe Peregrina no ano 2015 e na licitación dos postos de Santiaguiño do Burgo e da Virxe Peregrina 2016-2017 fose facilitada ao Concello de Pontevedra e non perdese vixencia. Así mesmo, en caso de presentar varias solicitudes de autorización, a documentación indicada dende o apartado b. ata o e. so se ten que achegar de ser necesaria cunha solicitude de autorización.

a) Apertura e cualificación da documentación e proposta de adxudicación.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes de autorizacións, procederase a cualificación previa das solicitudes de autorizacións para verificar que se reúnen os requisitos para participar neste procedemento e que se presentou toda a documentación conforme a estes pregos.

De observarse defectos ou omisións emendables na documentación presentada, ou requirirse a achega de documentación complementaria, ditarase resolución da concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas requirindo a súa emenda ou achega, concedéndolles a tales efectos un prazo de 2 días hábiles.

Estes requirimentos publicaranse unicamente no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) e a partir da súa publicación contará o prazo de cumprimentación do requirimento. Poderanse efectuar requirimentos verbais.

Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións, a concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas procederá a declarar as solicitudes admitidas e as rexeitadas con expresión das causas de tal rexeitamento. En todo caso, non serán admitidas as solicitudes que presenten defectos insubsanables ou de quenes non reúnan os requisitos, a capacidade para participar neste procedemento ou non respecten os condicionantes fixados neste prego.

Posteriormente, procederase a valorar as ofertas formuladas de conformidade co criterio de adxudicación, resolvendo os empates mediante sorteo cando proceda, e formularase proposta de adxudicación de cada un dos postos aos ofertantes que formulen a mellor oferta económica (pago de máis canón ou taxa) en cada un dos postos. Debe terse en conta o exposto en canto os postos vinculados, en particular, de que so se pode formular proposta de adxudicación dos postos accesorios vinculados aos que sexan propostos para os postos principais.

Serán rexeitadas motivadamente todas aquelas ofertas que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, comporten erro manifesto ou contradigan as esixencias esenciais dos pregos ou incorran en

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións presentadas que revistan un carácter esencial.

Esta proposta non outorgará ningún dereito a favor dos adxudicatarios propostos.

Se algún dos beneficiarios da autorización non esta de alta no imposto sobre actividades económicas ou non de forma correcta, deberá publicarse no perfil do contratante da sede electrónica do Concello os propostos adxudicatarios que non están de alta no mencionado tributo para que nun prazo de 3 días hábiles desde a publicación estean de alta de forma correcta e presenten a documentación xustificativa de tal circunstancia no rexistro de entrada do Concello de Pontevedra. En caso contrario, é dicir, senón acreditan a emenda ditas circunstancias no devandito prazo, excluirase deste procedemento de adxudicación.

A concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas queda facultada para solicitar todos os informes e obter todas as informacións que considere convenientes ou/e necesarios para o correcto outorgamento das autorizacións.

b) Outorgamento da autorización

No prazo de 5 días hábiles desde que se formule a proposta de adxudicación a que se fai referencia no penúltimo parágrafo do apartado anterior, a concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas festas ditará unha única resolución de outorgamento das autorizacións.

A resolución de outorgamento das autorizacións será motivada, notificarase aos licitadores mediante a publicación da mesma no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal). Poderase substituír a notificación da resolución no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) pola notificación individual a cada un dos autorizados.

A resolución outorgando as autorizacións conterá tódolos pronunciamentos precisos sobre os ofertantes e os beneficiarios das autorizacións, sobre a inadmisión ou rexeitamento das solicitudes de outorgamento coa debida motivación. Así mesmo, deberá indicar por cada un dos beneficiarios das autorizacións como mínimo os seguintes datos: NIF, postos dos que resultan adxudicatarios e canóns anuais a pagar por cada un dos postos.

Esta resolución deberase notificar ao Servizo de Xestión Tributaria e outros ingresos de dereito público.

As autorizacións dos postos recollerán as seguintes condicións:

1. Cada un dos postos que son obxecto destas autorizacións destinaranse exclusivamente as actividades que figuran como actividades posibles para estes postos no anexo I do prego de condicións que rexe estas autorizacións.
2. O réxime económico ao que se suxeitan as autorizacións é ao pagamento das taxas ofertadas polos autorizados, así como os tributos e demais gastos que deberán facerse nos termos fixados no prego de condicións que rexe estas autorizacións.
3. Os autorizados asumirán tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar os bens obxecto de autorizacións segundo a súa natureza e entregar, á extinción das autorizacións, os

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

terreos municipais ocupados en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe estas autorizacións.

4. Os autorizados asumirán o compromiso da previa obtención, a súa custa, de cantas licenzas e permisos requiran o uso dos bens e as actividades a realizar sobre os mesmos.
5. Os autorizados aceptan a revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos previstos no artigo 92.4 da Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas
6. As responsabilidades derivadas da ocupación dos terreos municipais serán asumidas integramente polos autorizados.
7. O Concello de Pontevedra poderá, en calquera momento, inspeccionar os terreos municipais obxecto das autorizacións e instalacións para garantir que os mesmos son empregados de acordo cos termos das autorizacións.
8. As autorizacións que se outorguen ao amparo deste prego outorgaranse por un prazo de dous anos prorrogables por anos ata un máximo de dous anos máis, cun máximo total de 4 anos, e, dentro destes, durante as datas concretas de celebración das festas do Santiaguiño do Burgo en Pontevedra, que determina o Concello de Pontevedra cada ano.

Dentro de cada periodo de duración das autorizacións, os horarios durante o cal se poden empregar os postos para destinalos as actividades autorizadas con destino ao público son os seguintes:

- De luns a venres, que non coincidan en festivo: desde as 17.00 h ata ás 2.00 h do día seguinte.
- Sábados, domingos e festivos: desde as 12.00 h ata ás 2.30 h e desde as 17.00 h ata ás 3.30 h do día seguinte.

A montaxe das instalacións e postos deberá realizarse durante os tres días anteriores ao inicio da duración das autorizacións para cada período das festas de Santiaguiño do Burgo.

No caso de que os autorizados non monten as instalacións durante os días sinalados no parágrafo anterior, enténdese que renuncian as autorizacións con extinción destas, e polo tanto o Concello poderá adxudicarlles os postos a outras persoas e además os autorizados non terán dereito a devolución das taxas, no seu caso, pagadas ás que alude o artigo 3 deste prego.

A desmontaxe e recollida de postos non poderá exceder dos dous días seguintes a finalización da duración das autorizacións para cada período das festas de Santiaguiño do Burgo, debendo quedar o espazo ocupado en perfecto estado de limpeza, conservación e mantemento. No caso de se retrasarse no desaloxo do posto, sen perxuizo das facultades que ostenta ao Concello para o seu desaloxo, esixirase os días que excedan da ocupación conforme a ordenanza fiscal que se menciona no artigo 3 deste prego.

Como se expuxo, as autorizacións son susceptibles de prórrogas por períodos dun ano ata un máximo de dous, é dicir, para os exercicios 2020 e 2021. As prórrogas so poden producirse a instancia dos autorizados axustándose as seguintes regras:

- As prórrogas que se soliciten e se outorguen só serán por anos.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

- Senón se solicita a prórroga para o ano 2020 ou esta se denega, non se poderá solicitar nin optar a prórroga para o ano 2021.
- Os autorizados deben solicitar a prórroga dous meses antes de que comece a festa do ano correspondente. En caso contrario, o Concello de Pontevedra pode denegar validamente a prórroga. As solicitudes de prórrogas deben expresar claramente a vontade de prorrogar a autorización.
- Os autorizados para poder ser beneficiarios da prórroga deben reunir os requisitos necesarios para poder presentar solicitudes de autorización deste prego. En especial, os autorizados deben estar ao corrente nas obrigas tributarias con todas as Administracións Públicas, incluindo o Concello de Pontevedra.
- As solicitudes de prórroga deben ser resoltas pola concelleira responsable de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas festas, debendo valorar a concorrencia doutros posibles intereses públicos ou necesidades respecto dos postos ou dos espazos públicos municipais, o grao de cumprimento das súas obrigas polos autorizados, a concorrencia de circunstancias sinaladas neste prego e demais circunstancias que sexan relevantes para outorgar ou denegar as solicitudes formuladas.

O establecemento dun prazo de duración das autorizacións enténdese, en calquera caso, sen perxuízo da facultade municipal de revogar as autorizacións, de conformidade co previsto no presente prego e na lexislación xeral de aplicación á estas.

9. Non se permite a realización de ningún tipo de cesión ou subrogación das autorizacións.
10. As causas de extinción serán as previstas no artigo 19 do prego de condicións destas autorizacións demaniais.
11. As presentes autorizacións rexeranse polo disposto no prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas de Santiaguiño do Burgo durante os anos 2018-20201 aprobados por resolución da concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas en data ....., e no non previsto neste prego será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; LCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril, ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

8. Gastos a cargo dos autorizados.

Serán de conta dos autorizados os seguintes gastos:

1- Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven das autorizacións.
2- Asumir o pagamento dos tributos que graven a constitución destas autorizacións.
4- Os gastos de conservación e mantemento do terreos municipais que se van a ocupar.
5.- Os gastos que requira o desenvolvemento das actividades que se desenvolven nos terreos a ocupar.
6- As taxas ou canóns ofertados polos autorizados.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

7- Calquera outros que deriven do presente prego ou sexan esixibles de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

CAP. IV. RÉXIME DAS AUTORIZACIÓNS.

9. Duración das autorizacións e para a montaxe e desmontaxe das instalacións e horarios de apertura das instalacións.

As autorizacións que se outorguen ao amparo deste prego outorgaranse por un prazo de dous anos prorrogables por anos ata un máximo de dous anos máis, cun máximo total de 4 anos, e, dentro destes, durante as datas concretas de celebración das festas do Santiaguiño do Burgo en Pontevedra, que determina o Concello de Pontevedra cada ano.

Dentro de cada periodo de duración das autorizacións, os horarios durante o cal se poden empregar os postos para destinalos as actividades autorizadas con destino ao público son os seguintes:

- De luns a venres, que non coincidan en festivo: desde as 17.00 h ata ás 2.00 h do día seguinte.
- Sábados, domingos e festivos: desde as 12.00 h ata ás 2.30 h e desde as 17.00 h ata ás 3.30 h do día seguinte.

A montaxe das instalacións e postos deberá realizarse durante os tres días anteriores ao inicio da duración das autorizacións para cada período das festas de Santiaguiño do Burgo.

No caso de que os autorizados non monten as instalacións durante os días sinalados no parágrafo anterior, enténdese que renuncian as autorizacións con extinción destas, e polo tanto o Concello poderá adxudicarlles os postos a outras persoas e además os autorizados non terán dereito a devolución das taxas, no seu caso, pagadas ás que alude o artigo 3 deste prego.

A desmontaxe e recollida de postos non poderá exceder dos dous días seguintes a finalización da duración das autorizacións para cada período das festas de Santiaguiño do Burgo, debendo quedar o espazo ocupado en perfecto estado de limpeza, conservación e mantemento. No caso de se retrasarse no desaloxo do posto, sen perxuizo das facultades que ostenta ao Concello para o seu desaloxo, esixirase os días que excedan da ocupación conforme a ordenanza fiscal que se menciona no artigo 3 deste prego.

Como se expuxo, as autorizacións son susceptibles de prórrogas por períodos dun ano ata un máximo de dous, é dicir, para os exercicios 2020 e 2021. As prórrogas so poden producirse a instancia dos autorizados axustándose as seguintes regras:

- As prórrogas que se soliciten e se outorguen só serán por anos.
- Senón se solicita a prórroga para o ano 2020 ou esta se denega, non se poderá solicitar nin optar a prórroga para o ano 2021.
- Os autorizados deben solicitar a prórroga dous meses antes de que comece a festa do ano correspondente. En caso contrario, o Concello de Pontevedra pode denegar validamente a prórroga. As solicitudes de prórrogas deben expresar claramente a vontade de prorrogar a autorización.
- Os autorizados para poder ser beneficiarios da prórroga deben reunir os requisitos necesarios para poder presentar solicitudes de autorización deste prego. En especial,

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

os autorizados deben estar ao corrente nas obrigas tributarias con todas as Administracións Públicas, incluindo o Concello de Pontevedra.

- As solicitudes de prórroga deben ser resoltas pola concelleira responsable de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas festas, debendo valorar a concorrencia doutros posibles intereses públicos ou necesidades respecto dos postos ou dos espazos públicos municipais, o grao de cumprimento das súas obrigas polos autorizados, a concorrencia de circunstancias sinaladas neste prego e demais circunstancias que sexan relevantes para outorgar ou denegar as solicitudes formuladas.

O establecemento dun prazo de duración das autorizacións enténdese, en calquera caso, sen perxuízo da facultade municipal de revogar as autorizacións, de conformidade co previsto no presente prego e na lexislación xeral de aplicación á estas.

10. Transmisión das autorizacións.

Non se permitirá en ningún caso a transmisión das autorizacións reguladas no presente prego.

11. Gravame.

Os terreos municipais obxecto das autorizacións e as autorizacións mesmas non poden ser obxecto de gravame.

12. Destino dos terreos municipais obxecto das autorizacións.

Cada un dos postos que son obxecto destas autorizacións destinaranse exclusivamente as actividades que figuran como actividades posibles para estes postos no anexo I do prego de condicións que rexe estas autorizacións. En consecuencia, os terreos municipais so se poden destinar a esas actividades e non a outras, aínda que sexan compatibles con aquelas.

13. Potestades e facultades do Concello.

O Concello de Pontevedra ostenta as seguintes potestades e facultades:

1. A de acordar a extinción das autorizacións por calquera causa e determinar os efectos destas. Dentro desta facultade inclúese as de revogalas antes do vencemento das autorizacións por razóns de interese público, sen dereito a indemnización, cando estas resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

2. A de interpretar e resolver as dudas que ofreza o cumprimento das autorizacións.

3. A de supervisar e controlar a ocupación e instalación dos postos, podendo non admitir determinados elementos e instalacións cando o esixa o correcto desenvolvemento das festas. A instalación e ocupación dos postos efectuarase con pleno control municipal. Entre as causas que encaixan dentro do correcto desenvolvemento das festas, a título exemplificativo, están garantir o dereito de descanso dos cidadáns, o goce ordeado dos cidadáns das festas, a seguridade e saúde dos cidadáns, o dereito a poder ocupar e facer uso dos postos dos autorizados destas, o cumprimento da normativa de

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

convivencia e de espectáculos públicos e actividades recreativas. Os autorizados non poden establecer instalacións ou elementos destas que sexan contrarios ao correcto desenvolvemento das festas.
Durante a supervisión e control da ocupación dos postos, o Concello de Pontevedra poderá ditar ordes verbais a través da policía municipal ou persoas que autorice o Concello de Pontevedra, que son de obrigado cumprimento.
O establecemento de instalacións ou elementos nos espazos autorizados que estean prohibidos ou sexan contrarias ás ordes do Concello de Pontevedra, constitúen infraccións moi graves así como causa de extinción das autorizacións por causa imputable aos autorizados

4. A de ditar instrucións para o correcto uso e distribución dos postos para garantir o correcto desenvolvemento das festas. Entre as causas que encaixan dentro do correcto desenvolvemento das festas, a título exemplificativo, están garantir o dereito a descanso dos cidadáns, o goce ordeado dos cidadáns das festas, a seguridade e saúde dos cidadáns, o dereito a poder ocupar e facer uso dos postos dos autorizados destas, o cumprimento da normativa de convivencia e de espectáculos públicos e actividades recreativas.
   Estas instrucións débense cumprir no prazo que se sinale nas mesmas.
   O incumprimento das instrucións ditadas polo Concello constitúe infracción moi grave así como causa de extinción das autorizacións por causa imputable aos autorizados.

5. A de a través da policía municipal do Concello de Pontevedra ou persoas que autorice o Concello, a de ditar ordes verbais que garantan o correcto desenvolvemento das festas. Entre as causas que encaixan dentro do correcto desenvolvemento das festas e as consecuencias do incumprimento así como o prazo para o seu cumprimento é de aplicación o previsto no parágrafo anterior.

6. A de supervisar e controlar a montaxe das atracións de feira, que inclúan instalacións hidráulicas e/ou neumáticas e/ou electromagnéticas e/ou electrónicas de sinal e/ou mecánicas, así como outros supostos que determine o Concello de Pontevedra, para garantir a seguridade dos bens e persoas.
   Os traballos a realizar polo Concello, que poderá realizalo a través dunha empresa contratada, consistirán esencialmente, sen un carácter exhaustivo, en:
   - Inspección xeral de todos os equipamentos e compoñentes que son obxecto de montaxe e demontaxe en cada instalación temporal de atracción (solidez de apoios sobre o terreo, arriostramentos, ensamblaxe e elementos de unión, montaxe de instalacións eléctricas, circuitos hidráulicos, neumáticos, etc..).
   - Inspección xeral do estado de conservación dos compoñentes accesibles para a inspección visual. Exclúense aqueles aspectos que non poder ser controlables nunha inspección visual.
   - Revisión do correcto funcionamento e montaxe dos dispositivos e medidas de protección de riscos para as persoas (varandas, protección de elementos cortantes, limitacións de acceso ao público, sistemas de bloqueo en unidades de pasaxeiros, etc..).
   - Probas de funcionamento unha vez concluído a montaxe das atraccións (posta en funcionamento, paro, dispositivos de emerxencia, sistemas de mando e control, protección eléctricas, etc..).

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

7. A de modificar as autorizacións por razóns de interese público. As posibles modificacións das autorización rexeranse, por analoxía, segundo o disposto na LCSP e a normativa de desenvolvemento para o contrato de servizos, salvo no que resulte incompatible.

8. A de que en calqueira momento, poida suspender o funcionamento de calquera instalación, incluindo o peche destas e calquera outra medida que sexa necesaria e adecuada nos seguintes supostos:

- Cando o uso e aproveitamento do posto se este exercendo ou se exercera por unha persoa que non sexa a titular deste ou traballador cunha relación laboral debidamente formalizada coa persoa titular do posto.
- Cando a autorización do posto e/ou ocupación do posto se cedese ou traspasase total ou parcialmente, por calquera título a favor doutra persoa, ou se permítese ou autorizase a ocupación ou uso e aproveitamento total ou parcial do posto por outra persoa.
- O incumprimento das ordes ou instrucións que dite o Concello, que poden ser verbais, no prazo que se sinale.
- Non dispoñer dun seguro de responsabilidade civil para responder dos danos e prexuízos que poida provocar a ocupación do posto autorizado ou non estea vixente.
- Cando exista perigo para a seguridade e saúde dos bens e persoas.

O exercicio da facultade indicada neste apartado so require que se dite unha resolución acordando as medidas que procedan e a súa notificación ao autorizado e/ou persoa que estea no posto.

Nos catro primeiros supostos, coa suspensión e medidas que se acorden acordarase o inicio do expediente de extinción da autorización por causa imputable ao concesionario e durará todo o tempo ata que se resolva o expediente de extinción da autorización.

No suposto de que exista perigo para a seguridade e saúde dos bens e persoas a suspensión durará todo o tempo que sexa necesario para garantir que as instalacións se poidan desenvolver con pleno respeto e cumprimento da normativa de seguridade e saúde das persoas e bens.

9. A de fiscalizar os terreos municipais obxecto das autorizacións, así como os elementos instalados sobre eles, incluindo o seu interior, co fin de comprobar o estado dos bens e o correcto desenvolvemento das autorizacións, podendo dar as ordes oportunas para que se utilizen correctamente os bens ocupados e non sofran menoscabo estes bens así como para que as actividades se desenvolvan conforme a normativa de aplicación e estes pregos.
   Estas inspeccións realizaranse cando así se estime polo Concello.
   Á vista do resultado destas inspeccións o Concello poderá dar as instrucións oportunas para que os autorizados, á súa custa, leven a cabo as obras ou actuacións de reparación e mantemento ou outras que procedan segundo estes pregos.
   A negativa a permitir estas inspeccións ou a súa demora nas memas constitúe infracción moi grave así como causa de extinción das autorizacións por causa imputable aos autorizados.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

10. A potestade de acordar e executar por sí o lanzamento dos autorizados se non abandonan e deixan libres e vacuos a disposición do Concello os bens obxecto das autorizacións cando rematen os períodos parciais de duración destas e cando se extingan estas por calquera causa, recoñecendo a potestade do Concello para acordar e executar por sí o lanzamento.

11. A de designar un ou varios responsables encargados de supervisar as autorizacións, a quen lles corresponderá supervisar o desenvolvemento das autorizacións e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización e desenvolvemento das autorizacións. As instrucións poderanse ditar verbalmente e no seu caso, por escrito.

14. Dereitos dos autorizados.

Os autorizados terán os seguintes dereitos:

1. A ocupar os terreos obxecto das autorizacións coas instalacións correspondentes durante o prazo de vixencia das autorizacións.
2. A ser mantidos pacificamente no uso dos terreos nos termos previstos no presente prego durante o prazo de vixencia das autorizacións.
3. A distribución dos postos e instalacións nos terreos obxecto das autorizacións seguindo as instrucións do Concello de Pontevedra e as previsións contidas neste prego.
4. A empregar os bens obxecto das autorizacións conforme aos destinos fixados neste prego de condicións.
5. A formular, ante o Concello, cantas reclamacións estime oportunas, que serán contestadas motivadamente.

15. Obrigas dos autorizados.

Os autorizados terán as seguintes obrigas:

1. Destinar os bens de dominio público obxecto das autorizacións as finalidades previstas no artigo 12 deste prego e a utilizalos de conformidade coa súa natureza.

2. A que a ocupación nos postos autorizados se realice con instalacións que non impliquen obras ou instalacións fixas.

3. A que a ocupación nos postos autorizados se efectúe dentro do perímetro autorizado, debendo realizarse con instalacións que cumpran o disposto neste prego e na normativa de aplicación. Estas intalacións deben ser as necesarias e adecuadas para que se celebren as festas de forma correcta e adecuada con pleno respeto dos dereitos de todos os cidadáns e demáis autorizados así como das normas de seguridade e saúde. Así mesmo, as instalacións e o uso dos espazos autorizados durante toda a duración das autorizacións debe realizarse en todo momento coa dilixencia dun empresario normalmente dilixente que garanta o correcto desenvolvemento das festas con pleno respecto dos dereitos de todos os cidadáns e demáis autorizados así como das normas de seguridade e saúde destas. En todo caso, as instalacións non poderán perturbar a libre circulación de peóns e vehículos, nin poden ocasionar danos ás persoas, ás vías públicas, ás árbores ou ás instalacións, nin poden perxudicar ou comprometer o tránsito rodado ou a seguridade dos viandantes.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

No suposto de aparellos voadores deberán voar no espazo definido pola proxección en pranta da parte do aparello que xira dentro dos límites do espazo autorizado, para evitar o paso do público por debaixo destes elementos nos primeiros cinco metros de desprazamento.
Nos casos en que a actividade no posto requira a instalación do propio vehículo, remolque ou autocaravana, este poderá permanecer na parcela adxudicada, sempre que sexa o soporte da devandita actividade e estea suficientemente acreditado, nese caso deberá ser desprovisto de lanzas ou elementos de ancoraxe que sobresaian do vehículo.
Non se poderán estacionar os camións e rodas dos camións no recinto onde se celebre a festa durante o período de duración destas.

4. A desenvolver as actividades dos postos autorizados durante todos os días e durante os horarios de duración das autorizacións. Unicamente poderá non prestarse as actividades por causas debidamente xustificadas non imputable aos autorizados.
   Non se permite o desmontaxe parcial nin total das instalacións mentres duren as festas.

5. Os titulares das autorizacións deberán de ter, a disposición das autoridades municipais ou competentes, un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello no momento da comunicación do outorgamento das autorizacións (resolución de outorgamento das autorizacións). No caso de que esta resolución de outorgamento das autorizacións se publique na sede electrónica do Concello, deberán imprimila e tela a disposición das autoridades competentes. Se o Concello o considera, poderá expedirse e outorgarse outro documento acreditativo da titularidade das autorizacións.

   A acreditación dos anteriores documentos será preceptiva para atender as solicitudes de demanda de prestacións de servizos ou actividades.

6. Expoñer publicamente de forma visible os prezos dos servizos que desenvolvan.

7. Estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social. Esta obriga implica a de satisfacer calquera tributo que sexa legal ou regulamentaria esixible de conformidade coa normativa vixente en cada momento. Todo o persoal que os autorizados destinen a execución do contrato non terá vinculación laboral ou de ningún outro tipo co Concello, debendo ser contratados polos adxudicatarios en réxime ou na modalidade que legalmente corresponda. Será de conta dos adxudicatarios os gastos do persoal empregado (incluido os que poidan orixinarse pola extinción dos contratos), incluida á cotización á Seguridade Social, así como primas de seguros, e demais gastos propios da explotación.
   Así mesmo, os autorizados deberán dispoñer dos permisos de residencia e traballo no caso de traballadores estranxeiros e no caos de que houbese traballadores que fosen familiares do titular da licenza, estes deberán de estar dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

8. A asumir os gastos enumerados no artigo 8 deste prego e satisfacer calquera outro gasto que sexa esixible legal ou regulamentariamente

9. Coidar, a súa custa, de que os terreos obxecto das autorizacións así como as instalacións que se instalen e todos os elementos que se empreguen para o

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

desenvolvemento das actividades autorizadas se atopen en todo momento en bó estado de seguridade, salubridade, mantemento, conservación e ornato publico, que entre outras obrigas, implica as seguintes:

a) Conservar a súa custa, todos os bens e instalacións autorizados en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene, durante todo o día, destinándoas exclusivamente ao uso autorizado.
b) Recoller e depositar en contenedores habilitados ao efecto os residuos e lixos que se xeneren no exercicio das actividades autorizadas.

10. Satisfacer os canóns ou taxas establecidos nos presentes pregos nos prazos sinalados neste prego e ordenanzas fiscais que sexan de aplicación, así como atender os tributos que legal e regulamentaria correspondan.

11. Todo o persoal destinado as actividades autorizadas deberá coidar o aseo e a boa presentación e deberá observar en todo momento un trato correcto cos usuarios desas actividades.

12. Poñer a disposición dos usuarios as correspondentes follas de reclamacións oficiais de conformidade coa normativa vixente. Cumprir a normativa sobre locais de pública concorrencia, consumo, sanidade, etc.

13. Admitir a todo usuario no goce do servizos, pagando o correspondente prezo, en condicións de igualdade, sen discriminación de ningún tipo.

14. Someterse as inspeccións, fiscalizacións e controis dos terreos obxecto das autorizacións así como das instalacións por parte do Concello nos termos sinalados no artigo 13 deste prego coa finalidade de garantir que os mesmos son usados de acordo cos termos das autorizacións. En particular, deberán cumprir os requirimentos que diten os responsables de supervisar as autorizacións e/ou policía municipal

15. A obter a súa custa cantas licenzas, autorizacións e permisos requira o uso dos terreos municipais obxecto das autorizacións ou das actividades a realizar sobre eles.

16. Observar, en todo momento, un comportamento adecuado.

17. Observar, en todo momento, as indicacións e as observacións do Concello.

18. Deberán achegar e facilitar toda a documentación e información que lle sexa requirida polo Concello no prazo que este sinale.

19. Non poderán facer uso nas súas relacións comerciais, laborais ou calquera outras do nome do Concello de Pontevedra, salvo autorización por escrito deste.

20. Non poderá realizar publicidade comercial a favor doutras empresas nas instalacións ou espazos autorizados, salvo autorización municipal.

21. Gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estén relacionados co obxecto das autorizacións e dos que teñan coñecemento con ocasión dos mesmos.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

22. A que a explotación e/ou uso do posto, total ou parcialmente, se realice exclusivamente polo titular do posto ou traballador cunha relación laboral debidamente formalizada coa persoa titular do posto.
    En todo caso, non poderán traspasar ou ceder total ou parcialmente, por calquera título a favor doutra persoa, ou permitir ou autorizar a ocupación ou uso e aproveitamento total ou parcial do posto por outra persoa.

23. A modificación das autorizacións sen autorización previa do Concello nos termos fixados neste prego.

24. A que a ocupación dos postos se produza dentro dos períodos que comprenden as autorizacións, non pudendo ocupalos en ningún caso fóra destes, sen prexuízo dos días en que se permite a montaxe de desmontaxe destes.
    Os autorizados deben abandoar e deixar libres e vacuos, en perfecto estado de conservación e uso, a disposición do Concello, os terreos obxecto das autorizacións, cando rematen os períodos parciais de duración das autorizacións e cando se extingan estas, recoñecendo a potestade do Concello para acordar e executar por sí o lanzamento. Os terreos deberán reverter ao Concello ao termo dos periodos parciais das autorizacións ou cando se extingan estas en perfecto estado de conservación, uso e limpeza dos bens, como se non existisen as instalacións e os bens que se colocaron neles. Tódolos traballos que sexan necesarios para que os espazos estén en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa dos autorizados. De non facelo os autorizados, farao o Concello a custa dos autorizados.

25. A asumir a responsabilidade derivada das ocupacións dos bens obxecto de autorizacións e a aboar e asumir o importe dos danos e perdas que se causaren como consecuencia da utilización dos terreos obxecto das autorizacións ou das actividades a desenvolver nestes así como calquera dano e perda que se cause sobre sobre bens materiais ou persoais xa sexan do Concello ou dun terceiro. Neste senso, o Concello de Pontevedra queda exonerado de todo tipo de responsabilidade, directa ou subsidiaria, como consecuencia das actividades realizadas nos terreos obxecto das autorizacións.

26. Os autorizados deberán ter subscrito un seguro de responsabilidade civil para que respondan dos danos e perdas que poidan causar polo exercicio das actividades que van desempeñar ou a ocupación dos bens autorizados coas seguintes coberturas mínimas:
    a) De 500.000 euros, cun sublímite mínimo por vítima de 150.000 euros, para atraccións mecánicas de adultos e atraccións infantís.
    b) De 300.000 euros, cun sublímite mínimo por vítima de 150.000 euros, para instalacións destinadas a venda de alimentos e bebidas.
    c) De 150.000 euros, para casetas.
    d) De 20.000 euros para o resto das actividades a desenvolver nos postos.

    Deberá achegarse unha copia do contrato ou póliza do seguro de responsabilidade civil xunto co xustificante de pagamento deste coa solicitude de autorización ou con anterioridade antes do primeiro día de inicio da duración da autorización, que deberá estar vixente durante todo o período da autorización. Así mesmo, deberá achegarse a documentación acreditativa de que esta vixente cando o solicite o Concello de Pontevedra.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

27. No caso de atracións de feira, que inclúan instalacións hidráulicas e/ou neumáticas e/ou electromagnéticas e/ou electrónicas de sinal e/ou mecánicas, os autorizados deberán achegar os certificados e demáis documentación acreditativa da seguridade e homologación emitidos por técnico competente relativos a idoneidade, seguridade, solidez e bo estado das atracións e instalacións, estabilidade do conxunto, firmeza de apoios e bo estado dos elementos de fixación. Nos casos, de que sexa esixible conforme a normativa vixente, deberase achegar necesariamente os seguintes documentos:
    a) O certificado expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou Ministerio de Industria, acreditativo de que os mecanismos que se van a montar cumpren todas as especificacións legais requiridas e que o seu uso non ofrece perigo para os usuarios.
    b) O certificado da revisión anual do aparato de feira.

    No caso de que as instalacións que se pretendan implantar teñan instalacións de gas, os autorizados deberán achegar o certificado da instalación de gas e de revisión das instalacións asinados por técnicos competentes en cada caso.

28. No caso de atracións de feira, que inclúan instalacións hidráulicas e/ou neumáticas e/ou electromagnéticas e/ou electrónicas de sinal e/ou mecánicas, así como outros supostos que determine o Concello de Pontevedra, os autorizados deberán someterse a supervisión e control da montaxe antes da posta en funcionamento destas atracións nos termos precisados no artigo 13 deste prego.
    Os autorizados durante esta supervisión e control, deberán facilitar ao Concello ou empresa contratada toda a documentación que requiran, para garantir unha supervisión e control positivo das instalacións, en particular os certificados de seguridade de montaxe emitido por un técnico cualificado visado polo colexio profesional correspondente.
    No caso de que as instalacións que se pretendan implantar teñan instalacións de gas, os autorizados tamén se someterán a supervisión e control polo Concello.

29. A cumprir en todo momento coa normativa de seguridade vixente así como a emitida por Protección Civil, polos Corpos de Seguridade do Estado, incluindo os elementos básicos de seguridade, como extintores, así como co cumprimento da normativa en materia alimentaria e sanitaria no caso das instalacións destinadas á venda de produtos alimentarios.

30. A que durante a montaxe e desmontaxe das instalacións e durante a vixencia das autorizacións non realicen as seguintes accións ou condutas:
    a) Invadir, pisar e/ou amontonar materiais nas zonas verdes, o mesmo que anclar neles elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
    b) Estropear, arrancar ou pisar as especiais vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera índole de desenvolvemento vexetativo nas árbores e arbustos existentes.
    c) Clavar elementos punzantes así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazaderas ou calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arbolado existentes, así como clavar elementos punzantes nos pavimentos cando éstes non sexan de terra.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

d) Non manter os equipamentos municipais como puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, etc en perfecto estado de conservación para que en calquera momento poidan cumprir a súa función específica.
e) A venda ou sorteo de calquera tipo de animal vivo.
f) A realización de calquera actividade que non encaixe dentro do destino das autorizacións ou que estean prohibidas pola lexislación vixente.

31. A que na emisión de ruídos se cumpra o disposto a continuación.
Como norma xeral, os máximos de emisión sonora validados a dous metros de distancia do contorno das distintas atracións e postos, quedará suxeito aos seguintes valores límite en función do tramo horario:

Valores límites de emisión sonora referenciados ao parámetro LAeq,5s		
Tipo de xornada	Día non lectivo	Día lectivo
Tramo horario limitado	0-10 horas	0-18 horas
Límite para música ambiente	80 dB-A	
Límite para mensaxes (sirenas, micrófono, etc).	80 dB-A	
No resto dos tramos horarios os límites aumentaranse 10 dB-A		

Estes valores límite de referencia xeral poderanse modificar ata +-5 dB-A, en función das posibilidadades do entorno de implantación e dos efectos aditivos derivados da proximidade doutras actividades cos equipos de megafonía.
Nas medidas de control admitese unha tolerencia de +-3 dB-A.
Unha vez instalados os equipos de audio, serán comprobados ao máximo volume, por parte do persoal municipal, co fin de avaliar as posibilidades de emisión.
Co fin de asegurar o respecto das condicións iniciais de emisión poderanse efectuar controis, aleatorios e sen previo aviso, dos niveis sonoros, denunciando aquelas actividades que superen os límites anteriormente establecidos.
Co fin de reducir os efectos aditivos da música ambiental, esta proverá da única fonte, sendo subministrada por un único provedor.
É responsabilidade dos titulares dos postos, o mantemento das condicións aludidas neste apartado deste artigo.

32. Os postos situados nas proximidades dos escearios, non poderán empregar os altofalantes cando teña lugar os bailes amenizados por artistas ou orquestas, concursos, festivais e demáis actos programados polo Concello de Pontevedra. Todos os postos orientarán os seus altofalantes e bafles cara o interior, controlando antes de empezar a funcionar que o seu non invada postos lindeiros.

33. Cumprir cantas outras obrigas resulten destes pregos, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demáis disposicións normativas que sexan de aplicación.

16. Obrigas específicas dos postos de venda de alimentos e bebidas.

En todos os postos destinados a venda de artigos de comer e beber, deberán de cumprirse as disposicións de sanidade vixente e, en particular, as seguintes:

1. Toda actividade de tipo alimentario esixe para o seu exercicio estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

2. Disporán de capacidade frigorífica suficiente para manter as temperaturas inferiores a 8º C a totalidade dos alimentos perecedoiros de consumo diario que serán así almacenados.
3. A exposición de alimentos ao público sobre a barra ou mostrador, farase unicamente coa protección adecuada que poderá ser unha simple vitrina para os de consumo inmediato, debendo ser unha vitrina frigorífica para os produtos perecedoiros de exposición estable ou prolongada.
4. Os produtos de confitería, caramelos e outros que se presenten sen envolver, non poderán estar ao alcance do público e disporán da protección ambiental adecuada.
5. A vixilancia, especialmente o aseo e limpeza do persoal e o seu vestiario, así como pulcritude e hixiene do posto de venda.

As obrigas anteriores serán esixibles para as instalacións que, aínda non tendo como obxecto principal a venda de alimentos e bebidas, inclúan este servizo na súa actividade.

17. Documentación a achegar polos autorizados antes de comezar a ocupación dos postos e controis específicos antes de comezar o funcionamento das atracións de feira.

Os autorizados deberán achegar ao Concello de Pontevedra a seguinte documentación antes de comezar cada unha das ocupación dos postos:

- Copia da contrato ou póliza do seguro de responsabilidade civil e do último recibo en curso. Estes documentos deben achegarse antes do primeiro día de inicio da duración da autorización, excepto que se achegasen coa solicitude da autorización.
- No caso de atracións de feira, que inclúan instalacións hidráulicas e/ou neumáticas e/ou electromagnéticas e/ou electrónicas de sinal e/ou mecánicas, os autorizados deberán achegar os certificados e demáis documentación acreditativa da seguridade e homologación emitidos por técnico competente relativos a idoneidade, seguridade, solidez e bo estado das atracións e instalacións, estabilidade do conxunto, firmeza de apoios e bo estado dos elementos de fixación. Nos casos, de que sexa esixible conforme a normativa vixente, deberase achegarse necesariamente os seguintes documentos:
    a) O certificado expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou Ministerio de Industria, acreditativo de que os mecanismos que se van a montar cumpren todas as especificacións legais requiridas e que o seu uso non ofrece perigo para os usuarios.
    b) O certificado da revisión anual do aparato de feira.

En caso de non achegar a documentación disposta anteriormente neste artigo do prego ou de que está non cumpra con este prego ou a normativa de aplicación ou que non garanta a seguridade das persoas e bens, os autorizados non poderán ocupar os espazos autorizados ata que a acheguen e no seu caso, garantan a seguridade das persoas e bens. En todo caso, se esta documentación non se presenta de forma adecuada durante os días que dispoñen os autorizados para a ocupación dos postos coas instalacións, entón enténdese que renuncian as autorizacións con extinción destas, e polo tanto o Concello poderá adxudicarlle os postos a outras persoas e, ademáis os autorizados non terán dereito a devolución das taxas, no seu caso, pagadas ás que alude o artigo 3 deste prego.

No caso de atracións de feira, que inclúan instalacións hidráulicas e/ou neumáticas e/ou electromagnéticas e/ou electrónicas de sinal e/ou mecánicas, así como outros supostos que

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

determine o Concello de Pontevedra, os autorizados deberán someterse a supervisión e control da montaxe nos termos sinalados neste prego.

No suposto de que a supervisión e control das atracións de feiras non resulte favorable porque non garante a seguridade dos bens e persoas, non se poderá poñer en funcionamento ditas atracións, debendo emendar ditas deficiencias. No caso de que estando instaladas as instalacións pero non superen a supervisión e control municipal sinalada no parágrafo anterior, senón se emendan ditas deficiencias no prazo máximo de dous días naturais, enténdese que os autorizados renuncian as autorizacións con extincións destas e polo tanto o Concello poderá adxudicarlle os postos a outras persoas e, ademáis os autorizados non terán dereito a devolución das taxas, no seu caso, pagadas ás que alude o artigo 3 deste prego.

18. Instalacións e obras

Estas autorizacións só permiten a realización de instalacións que non impliquen obras ou instalacións fixas, debendo en consecuencia, ser desmontables ou móbiles.

Polo seu carácter non fixo e polo que se outorgan as autorizacións. Consecuencia deste carácter non se permite a realización de ningunha obra de construción, adaptación ou reforma sobre os terreos obxecto das autorizacións, que teñan un carácter fixo ou que poidan quedar de modo permanente unidos aos terreos.

No caso de realizar as obras indicadas nos terreos anteriores serán causa de revogación das autorizacións, debendo os autorizados demoelas a súa custa, vindo obrigados a indemnizar cos danos ocasionados as persoas ou bens.

As instalacións a realizar deben ser as necesarias e adecuadas para que se celebren as festas de forma correcta e sempre deberán garantir a seguridade e saúde das persoas e bens e o dereito dos cidadáns a disfrutar das festas e dos demáis autorizados a empregar os postos adxudicados.

CAP. V. EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS.

19. Extinción das autorizacións.

As autorizacións extinguense por caducidade ou por acordo de extinción do órgano competente para o outorgamento das autorizacións demaniais cando concorra dalgunha das circunstancias que se enumeran no artigo 21 deste prego.

20. Caducidade das autorizacións por cumprimento.

A extinción das autorizacións por vencemento da duración das autorizacións por cumprimento supón a extinción automática das autorizacións sen necesidade de que se proceda a realizar ningún acto ou declaración por parte da Administración municipal.

21. Outras causas de extinción das autorizacións.

Ademais da extinción por caducidade das autorizacións, son causas de extinción as seguintes:

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

1. Renuncia do titular. Dentro desta causa inclúense as seguintes:
a) Cando os autorizados presenten unha solicite expresa renunciando as autorizacións.
b) Cando os autorizados non monten as instalacións dos postos nos días sinalados para a montaxe destas nos postos.
c) Nos supostos sinalados no artigo 17 dese prego.
2. Mutuo acordo.
3. Cando sobrevise unha causa de prohibición para contratar prevista na lexislación contractual administrativa, entre as que está non estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
4. Revogación unilateral das autorizacións, por razón de interese público. En todo caso, non xerará dereito a indemnización cando sexan porque resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.
5. Falecemento ou declaración de ausencia dos titulares.
6. Incapacidade sobrevida dos autorizados.
7. Cesión ou transmisión total ou parcial do posto, por calquera título a favor doutra persoa, ou permitir ou autorizar a ocupación ou uso e aproveitamento total ou parcial do posto por outra persoa. Así mesmo, támen son causas de resolución cando o uso ou aproveitamento do posto se este exercendo ou se exercera por unha persoa que non sexa a titular deste ou traballador cunha relación laboral debidamente formalizada coa persoa titular do posto e cando se produza o gravame das autorizacións ou terreos obxecto destas.
8. Extinción da persoalidade xurídica dos autorizados.
9. Ter sido sancionado por infracción moi grave ao abeiro deste prego. Así mesmo, cometer máis de 5 infraccións graves, ou de 10 leves, en toda a duración das autorizacións.
10. Por incumprimento da obriga dos titulares da conservación e mantemento, cando orixine o estado ruinoso dos terreos autorizados. A estes efectos, o Concello instruirá expediente, con audiencia dos interesados, no que se establecerá de forma acreditada os estados ruinosos dos terreos.
11. Falta de pagamento dos canóns nos prazos sinalados na ordenanza fiscal correspondente, sen prexuízo de que non se poderán ocupar os postos ata que se produza o pagamento destes.
12. Desaparición dos bens obxecto de autorizacións ou agotamento do seu aproveitamento.
13. Desafectación dos bens, en cuxo caso procederase a súa liquidación conforme ao previsto no artigo 102 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas.
14. Calquera outra prevista na normativa aplicable ou que se especifique no prego

22. Aplicación das causas de extinción por causa distinta de caducidade.

A aplicación das causas de extinción das autorizacións por causa distinta de caducidade axustarase as seguintes regras:

a) A extinción das autorizacións acordarase polo órgano competente para o outorgamento das autorizacións demaniais, de oficio ou a instancia dos autorizados, no seu caso, atendendo o procedemento regulado no artigo 25.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

b) Cando a causa de extinción sexa a revogación, a administración estará lexitimada para proceder de oficio en todo caso.

c) A extinción das autorizacións só poderá instarse por aquela parte a que non se lle sexa imputable a circunstancia que dese lugar a mesma.

d) A extinción das autorización por renuncia do titular e por mutuo acordo só poderán ter lugar cando non concorra outra causa de extinción que sexa imputable aos autorizados.

e) O incumprimento das obrigas do Concello só dará lugar a extinción das autorizacións naqules casos previstos expresamente neste prego.

23. Efectos da extinción das autorizacións.

Os efectos da extinción das autorizacións axustarase ao seguinte:

a) A extinción das autorizacións por caducidade ou por renuncia do titular non dará lugar a indemnización de danos e perdas. Así mesmo os titulares, deberán aboar as taxas ou canóns que formularon nas súas ofertas senón o fixeron, e no caso de habelas aboado, non terán dereito a devolución destas.

b) Cando a extinción se produza por mutuo acordo das partes, os dereitos das partes acomodarase ao validamente estipulado por estas.

c) Cando as autorizacións se extingan por causa imputable aos autorizados, dará lugar:
   - A que os autorizados teñan que aboar as taxas ou canóns que formularon nas súas ofertas senón o fixeron, e no caso de que as aboaran, non terán dereito a devolución destas.
   - A que os autorizados teñan que indemnizar á Administración cos danos e perdas ocasionados.
   - A que os autorizados non poidan resultar adxudicatarios de postos do Concello de Pontevedra ou autorizacións demaniais destes durante os próximos seis anos, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

d) Non dará lugar a indemnización, cando as autorizacións se extingan por revogación unilateral por razóns de interese público porque resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

e) Cando as autorizacións se extingan por causa imputable á Administración, determinará con carácter xeral o pagamento dos danos e perdas que por tal causa se irrogen aos autorizados.

f) Á extinción das autorizacións, o Concello quedará facultado para dispor o que proceda sobre os terreos obxecto das autorizacións.

g) En todo caso, a extinción das autorizacións, os terreos deberán revertir ao Concello en perfecto estado de conservación, uso e limpeza, como se non existisen as instalacións que se realizarón neles e os bens que se colocaron. Tódolos traballos que sexan

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

necesarios para que os espazos estén en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa dos autorizados.

24. A extinción das autorizacións por infraccións.

A extinción das autorizacións por infraccións previstas no artigo 21.9 deste prego axustarase as seguintes regras:

a) A extinción das autorizacións por infraccións son independentes das multas que se impoñan.

b) Cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 21.9 do prego, o Concello, sen prexuído da imposición das multas correspondentes, pode optar pola extinción das autorizacións ou a súa continuidade.

c) As causas de extinción previstas como infraccións moi graves que ao mesmo tempo estean mencionadas expresamente como causas de extinción rexeranse en primeiro lugar polo disposto neste capítulo.

25. Procedemento para a extinción das autorizacións.

a) A extinción das autorizacións por caducidade non requirirán ningún acordo ou declaración da Administración.

b) A extinción das autorizacións por renuncia dos titulares só require acordo expreso do Concello. Nos supostos de renuncia porque os autorizados non monten as instalacións dos postos nos días sinalados para a montaxe dos postos ou cando as renuncias sexan por calquera das situacións previstas no artigo 17 deste prego, aínda que se requiren resolucións do órgano competente para outorgar as autorizacións constando que concorren as circunstancias das renuncias, as extincións prodúcense cando concorran as circunstancias que neste prego determinan que opere a renuncia.

c) A extinción das autorizacións por calquera outra causa distinta das enumeradas nos dous apartados anteriores require únicamente o cumprimento dos seguintes requisitos:

1- Audiencia aos autorizados polo prazo de dez días naturais.
2- Informe do Xefe do Servizo de Cultura.
3- Acordo expreso do órgano competente para outorgar as autorizaciones demaniais.

26. Aplicación supletoria

Na extinción das autorizacións en defecto da regulación prevista neste capítulo, aplicarase con carácter supletorio e por analoxía, o disposto na lexislación de contratos e normativa de desenvolvemento para a resolución de contratos de servizos, salvo no que resulte incompatible.

CAP VI RÉXIME SANCIONADOR.

27. Incumprimentos.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

As infraccións que cometan os autorizados, clasificanse en leves, graves e moi graves, de acordo coa tipificación seguinte:

A. **<u>Infracións leves</u>**. Terán a cualificación de infraccións leves as seguintes:

1. O non funcionamento das instalacións nos postos autorizados durante non máis de 2 días naturais no período de duración das autorizacións sempre que non este xustificado por unha causa non imputable aos autorizados.

2. A falta de respecto ao público, ou aos empregados municipais encargados das inspeccións ou supervisións.

3. Os altercados ou disputas entre o persoal que atenda as instalacións durante a súa prestación.

4. Arroxar residuos e lixo nas instalacións ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou fora dos contenedores ou lugares destinados a tal fin.

5. Causar danos ás instalacións ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou a bens municipais por valor inferior a 1.500 euros.

6. O incumprimento do horario durante o cal se poden empregar os postos para destinalos as actividades autorizadas con destino ao público cando este exceso non supere as 3 horas.

7. Calquera outra acción ou omisión que infrinxa as obrigas ou deberes recollidos no presente prego ou, de existir o regulamento municipal aplicable, e non resulte tipificada como infracción grave ou moi grave.

B. **<u>Infracións graves</u>**. Terán a cualificación de infraccións graves as seguintes:

1. A comisión de dúas ou máis faltas leves durante o periodo de vixencia das autorizacións.

2. O incumprimento que non mereza, segundo a lexislación aplicable, a consideración de grave das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais, sempre que non esté tipificado como infracción moi grave.

3. Os altercados, incorreccións, faltas de respeto, ofensas ou a promoción de escándalos coas autoridades, aos empregados municipais, aos axentes da autoridade e ao público en xeral, sempre que non constitúan infraccións moi graves.

4. Estropear, arrancar ou pisar setos vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas de calquera índole de desenvolvemento vexetativo nos árbores ou arbustos existentes.

5. O mal uso do mobiliario urbano, como bancos, papeleiras, fontes, bordillos, etc.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

6. Clavar elementos punzantes, colocar carteis, instalar abrazadeiras, tomas de agua ou calquera elemento de sustentación ou apoio, sobre o arborado existente, así como clavar elementos punzantes no pavimento cando éste non sexa de terra.

7. O incumprimento do deber de mantemento das instalacións, espazos públicos municipais e bens afectos á autorización en perfecto estado de conservación, entendendo que se produce tal incumprimento cando non se inicie a reparación dos desperfectos nun prazo de 1 día natural desde que se manifesten, cando esta reparación fose de competencia do autorizado segundo os presentes pregos. De existir orde expresa do Concello sinalando o prazo correspondente, a infracción cualificarase como moi grave segundo o apartado C) deste artigo.

8. O incumprimento do deber de mantemento das instalacións ou dos espazos públicos municipais nas debidas condicións hixiénicos sanitarias, cando non exista transcendencia para a saúde pública.

9. Causar danos ás instalacións ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou a bens municipais por valor de 1.500 euros ou superior, e inferior a 3.000 euros.

10. O non funcionamento das instalacións nos postos autorizados entre 3 e 4 días naturais no período de duración das autorizacións sempre que non este xustificado por unha causa non imputable aos autorizados.

11. O incumprimento do horario durante o cal se poden empregar os postos para destinalos as actividades autorizadas con destino ao público cando este exceso supere as 3 horas e sexa inferior a 12 horas.

C. **<u>Infracións moi graves</u>**. Terán a calificación de infraccións moi graves as seguintes:

1. A comisión de dúas o máis infraccións moi graves durante a duración das autorizacións.

2. O incumprimento da obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.

3. O grave incumprimento das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e prevención de riscos laborais.

4. Non observar debidamente as indicacións, ordes, instruccións ou as observacións do Concello no prazo que este sinale.

5. Os altercados, incorreccións, faltas de respeto, ofensas ou a promoción de escándalos coas autoridades municipais, aos empregados municipais, aos axentes da autoridade e ao público en xeral, cando teñan como resultado de lesións ou danos ou constitúan ofensas graves, de palabra ou de obra, ás autoridades municipais, empregados municipais, á inspección xanitaria, aos axentes da autoridade e ao público en xeral.

6. Poñer dificultades as tarefas de control da Administración, como dificultar ou impedir as actuacións inspectoras da Administración.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

7. A demora na achega de informes ou documentos en xeral, que sexan solicitados polo Concello no prazo establecido polo mesmo.

8. A falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións que teña un carácter esencial entregados ou facilitados ao Concello.

9. O incumprimento da normativa sanitaria con transcendencia para a saúde dos usuarios.

10. Calquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccións, roubos e hurtos aos usuarios.

11. Non abandoar e deixar libres e vacuos, os terreos obxecto das autorizacións, cando rematen os períodos parciais de duración ou vixencia das autorizacións e cando se extingan estas termos fixados neste prego.

12. O incumprimento das resolucións recaídas como consecuencia dalgunha infracción cometida.

13. A ocupación de máis espazo dos autorizados.

14. Causar, danos á instalación ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou a bens municipais por valor de 3000 euros ou superior.

15. A explotación e/ou uso do posto, total ou parcialmente, por persoa distinta do titular do posto ou traballador cunha relación laboral debidamente formalizada coa persoa titular do posto.

16. O traspaso ou cesión total ou parcial, por calquera título a favor doutra persoa, ou permitir ou autorizar a ocupación ou uso e aproveitamento total ou parcial do posto por outra persoa.

17. Non destinar os bens obxecto de autorización as actividades que deben destinarse conforme este prego.

18. O non funcionamento das instalacións nos postos autorizados durante máis de 4 días naturais no período de duración das autorizacións sempre que non este xustificado por unha causa non imputable aos autorizados.

19. A montaxe dos postos sen cumprir o disposto neste prego.

20. A non realización das actuacións de conservación ou reparación que sexan ordeadas polo Concello no prazo fixado e que deba realizar.

21. O incumprimento do horario durante o cal se poden empregar os postos para destinalos as actividades autorizadas con destino ao público cando este exceso supere as 12 horas.

22. Calquera outra que se estableza no presente prego como falta ou incumprimento moi grave.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

28. Sancións.

As infraccións conlevarán a imposición por parte do Concello de Pontevedra de sancións de multa, que se imporán en calquera caso.

As multas a impoñer teñen tres grados, que se corresponden respectivamente con infraccións leves, graves e moi graves, que establecen os límites seguintes:

a) As infraccións leves sancionaranse con multa entre 50 euros ata 300,00 euros.
b) As infraccións graves sancionaranse con multa entre 301,01 euros ata 600,00 euros.
c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa entre 600,01 euros a 2000,00 euros, excepto a prevista no artigo 27.C.16 deste prego que se sancionará cunha multa en contía fixa de 20.000 euros.

Para a súa gradación atenderase ao dano ou prexuízo producido ao dominio público, ao público e ao Concello, a intencionalidade, reiteración, e contía económica, principalmente.

3.- Con independencia das sancións que se lle impoñan aos autorizados, o Concello pode esixir sempre o cumprimento das obrigas dos autorizados a través dos medios previstos pola normativa administrativa.

4.- A comisión de infraccións moi graves pode dar lugar, ademais do pagamento da oportuna sanción, á extinción das autorizacións por causa imputable ao autorizado. Igualmente, a comisión de máis de 5 infraccións graves, ou de 10 leves, en toda a duración da autorización, serán causas de extinción das autorizacións por causa imputable aos autorizados.

29. Imposición das sancións.

Será competente para impoñer as sancións o Sr Alcalde ou concelleiro delegado previa audiencia dos autorizados durante 10 días naturais.

O importe da multas satisfarase ao Concello por parte dos autorizados no termo de 10 días naturais seguintes ao da súa notificación.

De non satisfacerse dentro do termo, as multas faranse efectivas de acordo coa prelación seguinte:

1.- Compensaranse coas débedas que teña pendentes co Concello de Pontevedra. Os autorizados autorizan expresamente o Concello de Pontevedra ao aceptar o prego para que se proceda a dita compensación.

2.- En canto o abonamento do importe das multas non quede cuberto na súa totalidade polas compensacións, o Concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previstos na lexislación de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable ao caso podendo facerse efectivo a través do procedemento de prema ou constrinximento.

A imposición das multas terá lugar sen prexuízo dos danos e perdas que sexan esixibles por parte do Concello.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

CAP VII REVERSIÓN

30. Reversión.

Ao termo das autorizacións ou dos periodos parciais de duración destas, tódolos bens e instalacións que se executaran nos espazos municipais cedidos revertirán aos autorizados. Os autorizados deberán deixar os espazos ao termo das autorizacións e dos períodos parciais en perfecto estado de conservación, uso e limpeza, como se non existisen as instalacións que se realizarón neles así como os bens que se colocaron nos espazos municipais. Tódolos traballos que sexan necesarios para que os espazos estén en perfecto estado de conservación e uso polos cidadáns serán a custa dos autorizados.

Unha vez extinguidas as autorizacións ou os períodos parciais das autorizacións farase entrega por parte dos autorizados dos espazos municipais obxecto destas autorizacións que deban revertir ao Concello libre de toda carga e gravame e en estado de conservación e mantemento adecuado, debendo deixalos libres e vacuos a disposición do Concello.

CAP VIII RÉXIME XURÍDICO.

31. Lexislación aplicable.

No non previsto expresamente no presente prego de condicións será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; LCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior;RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril, , ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

Os autorizados sométense expresamente á devandita normativa.

32. Xurisdición competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, extinción e efectos das autorizacións serán resoltas polo órgano competente para o outorgamento das autorizacións; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdicción. Non obstante, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA- Modificacións normativas

As referencias contidas neste prego a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Regulación especifica para adxudicar postos nos supostos de que existan vacantes.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

No suposto de que seguindo o procedemento de outorgamento dos postos descrito no artigo 7 deste prego, non se adxudicasen todos os postos ou no suposto que posteriormente se produza antes ou durante a duración das autorizacións a extinción dalgún adxudicado, é necesario regular un procedemento específico, para garantir que se ocupan todos os postos e que os cidadáns podidan recibir a totalidade da oferta de ocio que implican as festas. En todo caso, a regulación establecida nesta disposición se poderá aplicar ata o 1 de xuño de 2021. Nos supostos indicados, deben a súa vez distinguir dous supostos e procedementos distintos de outorgamento das autorizacións:

1. No suposto de que en relación aos postos vacantes, existisen licitadores que se presentaron e resultaron admitidos e que formularon pior oferta económica que os adxudicatarios, ofreceráselle aos seguintes admitidos por orde das súas ofertas, para que nun prazo de dous días hábiles manifestan se queren ser adxudicatarios polo tempo que reste das autorizacións coas ofertas que formularon. En caso de empate entre as súas ofertas, farase un sorteo para determinar a quen se lle invita en primeiro lugar. Este ofrecemento poderase facer por fax se o facilitaron. En caso de rexeitarse ou non atendelos requirimentos debidamente no prazo de dous hábiles, procederase da mesma forma en relación aos seguintes licitadores admitidos pola orde das súas ofertas económicas, e en caso de empate, por sorteo.
   En todo caso, será de aplicación a limitación do número máximo de postos por actividade e festa establecida nos presentes pregos.

2. No suposto de que en relación aos postos vacantes, non existisen licitadores ou existindo estes rexeiten a invitación para ser adxudicatarios xa sexa porque a rexeitan de modo expreso ou porque non contestan nos prazos establecidos, poderanse outorgar as autorizacións conforme ao disposto nos apartados seguintes:

a) Calquera persoa que reúna os requisitos e que poidan participar no procedemento ordinario de adxudicación dos postos poderán resultar adxudicatarios dun posto vacante.
b) Todos os postos vacantes poderán ser obxecto deste procedemento de adxudicación.
c) Presentación de solicitudes de outorgamento de autorizacións: lugar, horario e prazo de presentación, formalidades e documentación.

Lugar e prazo de presentación.- A presentación da documentación para poder ser beneficiario dunha autorización dun posto vacante poderá presentaranse no rexistro xeral do Concello desde as 8,30 ás 13,45 horas, durnate os días laborais, en calquera momento ata o 1 de xuño de 2021.

Por razón de axilidade, non se admite a presentación da documentación por correo ou calquera outro mecanismo, que non sexa no rexistro xeral do Concello.

O listado de postos vacantes, e os pregos destas autorizacións estarán publicados no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

Formalidades e documentación.- As solicitudes para participar neste procedemento de outorgamento de autorizacións deberanse presentar nun sobre pechado e coa documentación que se establece no artigo 7 deste prego con carácter xeral. Non obstante, e coa finalidade de facilitar a maior concorrencia, os autorizados poderan non presentar as súas ofertas en sobre

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

pechado se así o desexan, sempre e claro que da documentación se deduzca que presentan ofertas a este procedemento de licitacion e os seus datos identificativos.

No que se refire a apertura e cualificación da documentación, proposta de adxudicación e outorgamento das autorizacións sinaladas no artigo 7 deste prego será de aplicación o disposto neste precepto, coas seguintes especialidades:

- O criterio de adxudicación non será o do prezo máis alto, excepto que se presentasen dúas ofertas o mesmo día.
- O criterio de adxudicación será o primeiro que formule oferta no rexistro de entrada sempre que os demais que formulen oferta por ese posto, a formulen noutro día.
- Para o suposto de que as ofertas polo mesmo posto se formulen o mesmo día, entón debe aplicarse o criterio do prezo máis alto, e en caso de empate, resolverase por sorteo.

Insístese en que se debe presentar unha solicitude por posto.

A todos os autorizados ao amparo do previsto nesta disposición, seralle de aplicación o disposto no presente prego, no que non sexa incompatible e non se dispoña expresamente nesta disposición, debendo adaptarse todas as previsións de forma proporcional ao momento en que os autorizados poden empezar a utilizar os espazos autorizados, especialmente os prazos para montar e para poñer en funcionamento as instalacións.

ANEXO I: Postos que son obxecto de licitación nas festas de Santiaguiño do Burgo.

Os postos obxecto de licitación, coa especificación do destino e actividades, metros cadrados que se poden ocupar cos postos e as taxas mínimas que se deben pagar por estes son os seguintes:

Nº DE POSTO	DESTINO	M/2[4]	TAXAS MÍNIMAS[5]	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELETRICIDADE[6]
1	CHURRERIAS	8X6	508,02 €	100,00 €
2	TERRAZA	8X8	400,00 €	
3	CHURRERIAS	6X3	190,51 €	100,00€
4	TERRAZA	12X8	600,00 €	

[4] Os metros cadrados expresasen en metros de longo e ancho, de tal forma que o resultado da multiplicación da os metros cadrados que se poden ocupar.
[5] A pagar polas utilizacións ou aproveitamentos especiais dos postos durante toda a duración das autorizacións por ano. Esta taxa mínima é a que é mellorable coas ofertas dos solicitantes.
[6] Esta cantidade forma parte das taxas a pagar que ten que pagar cada autorizado cada ano pola autorización polo consumo de electricidade. Esta parte é fixa.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

Nº DE POSTO	DESTINO	M/2[4]	TAXAS MÍNIMAS[5]	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELETRICIDADE[6]
5	APARATO INFANTIL	12X8	294,63 €	110,00 €
6	APARATO INFANTIL	9X7,5	207,16 €	110,00 €
7	CASETA	5X5	187,97 €	90,00 €
8	APARATO INFANTIL	16,5X9	455,75 €	110,00 €
9	APARATO INFANTIL	12X12	441,94 €	110,00 €
10	APARATO INFANTIL	8,5X7,5	195,65 €	110,00 €
11	HINCHABLE	11,5X12	259,46 €	90,00 €
12	APARATO INFANTIL	17X11	573,91 €	110,00 €
13	APARATO INFANTIL	10,5X5	161,13 €	110,00 €
14	APARATO INFANTIL	13X9	359,08 €	110,00 €
15	ALMENDRAS, ETC.	4,5X1,5	86,54 €	25 ,00 €
16	APARATO INFANTIL	11X11	359,08 €	110,00€
17	APARATO INFANTIL	12,5X9,5	371,36 €	110,00 €
18	APARATO INFANTIL	9X8,5	364,45 €	110,00 €
19	APARATO INFANTIL	12,5X8,5	234,78 €	110,00 €
20	APARATO INFANTIL	10X7	326,09 €	110,00 €
21	ALMENDRAS, ETC.	7,5X1,5	144,23 €	25,00 €
22	ESPECTÁCULO	10,5X4,5	600,00 €	120,00 €
23	HINCHABLE	11,5X6,5	140,54 €	90,00 €
24	APARATO INFANTIL	13X7,5	299,23 €	110,00 €
25	CHURRERIAS	12,5X5	661,48 €	100,00 €

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

Nº DE POSTO	DESTINO	M/2[4]	TAXAS MÍNIMAS[5]	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELETRICIDADE[6]
26	MÁQUINAS	7,5X2,5	169,44 €	25,00 €
27	FREIDURÍAS, ETC.	3X5	122,79 €	60,00 €
28	CREPERÍA	3X3	73,68 €	60,00 €
29	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
30	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
31	ROSQUILLAS	6X2	153,62 €	25,00 €
32	ALMENDRAS, ETC.	6X2	153,85 €	25,00 €
33	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
34	ALMENDRAS, ETC.	6X2	153,85 €	25,00 €
35	ALMENDRAS, ETC.	6X2	153,85 €	25,00 €
36	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
37	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
38	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
39	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
40	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
41	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
42	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
43	ALMENDRAS, ETC.	6X2	153,85 €	25,00 €
44	ARTESANÍA	6X2	153,62 €	15,00 €
45	ARTESANÍA	5X2	128,02 €	15,00 €
46	FREIDURÍAS, ETC.	4,5X2,5	92,10 €	60,00 €

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

Nº DE POSTO	DESTINO	M/2[4]	TAXAS MÍNIMAS[5]	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELETRICIDADE[6]
47	ALMENDRAS, ETC.	4,5X2	115,38 €	25,00 €
48	CASETA	8X2,5	150,38 €	90,00 €
49	CASETA	11,5X4	345,87 €	90,00 €
50	FREIDURÍAS, ETC.	9,5X4,5	349,96 €	60,00 €
51	CASETA	8X4,5	270,68 €	90,00 €
52	CASETA	7,5X4	225,57 €	90,00 €
53	CASETA	6X4	180,45 €	90,00 €
54	TERRAZA	6X4	150,00 €	
55	FREIDURÍAS, ETC.	6X4	196,47 €	60,00 €
56	CASETA	7X4	210,53 €	90,00 €
57	CASETA	4X3	90,23 €	90,00 €
58	CASETA	8X3	180,45 €	90,00 €
59	CASETA	8,5X3	191,73 €	90,00 €
60	CASETA	8X3	180,45 €	90,00 €
61	CASETA	7X3	157,90 €	90,00 €
62	MÁQUINAS	5X3	135,56 €	25,00 €
63	CASETA	2,5X6	112,78 €	90,00 €
64	APARATO MAIORES	16,5X16,5	650,00 €	160,00 €
65	PISTA DE COCHES	15X36	1.000,00 €	160,00 €
66	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
67	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

Nº DE POSTO	DESTINO	M/2[4]	TAXAS MÍNIMAS[5]	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELETRICIDADE[6]
68	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
69	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
70	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
71	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
72	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
73	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
74	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
75	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
76	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
77	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
78	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
79	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
80	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
81	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
82	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
83	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
84	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
85	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
86	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
87	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
88	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

Nº DE POSTO	DESTINO	M/2[4]	TAXAS MÍNIMAS[5]	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELETRICIDADE[6]
89	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
90	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
91	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
92	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
93	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
94	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
95	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
96	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
97	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
98	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
99	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
100	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
101	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
102	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
103	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
104	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
105	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
106	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
107	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
108	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
109	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ

Nº DE POSTO	DESTINO	M/2[4]	TAXAS MÍNIMAS[5]	CANTIDADE FIXA A PAGAR POR SUBMINISTRO DE ELETRICIDADE[6]
110	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
111	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
112	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
113	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
114	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
115	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
116	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
117	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
118	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
119	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
120	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
121	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €
122	ARTESANIA	4X1,5	40,00 €	15,00 €

ANEXO II: Plano coa situación dos postos obxecto de licitación nas festas de Santiaguiño do Burgo.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ



Pontevedra, na data de sinatura electrónica.
A concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas.

María Carme da Silva Méndez

Asinado por: MARIA CARMEN DA SILVA MENDEZ
Servizo: ALCALDIA
Cargo: TENENTE DE ALCALDE
Data: 29/05/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:GEEAGSD72OFS9ODJ